

Ferramentas IA contidos audiovisuais

A IA, do mesmo que as tecnoloxías dixitais, está en continuo avance e desenvolvemento, polo que esta listaxe pode quedar “obsoleta” ou aparecer novas e melloradas aplicacións en calquera momento.



Leonardo

Funcionamento sinxelo e moi similar a Dall-E, Bing.... A maiores de crear imaxes, permite manter parte do prompt, de modo que os personaxes creados pódense repetir en diferentes escenarios.



SkyBoxAI by Blockad Labs

Permite xerar imaxes en 360°. Pódese usar un truíño para descargarlas en modo vídeo na versión gratuíta, ou empregar o código para embebelos na Aula Virtual; pero se queremos ter o arquivo orixinal hai que facerse premium.



Runawayml

Ferramenta con múltiples opcións: xeración de imaxes, vídeos, audios, lip sync... Permite, partindo dunha imaxe en 2D, crear un vídeo en 3D da mesma e descargalo de modo gratuíto.



Meshly

Xerar imaxes en 3D partindo de imaxes en 2D ou texto. Tamén permite transformar texto. Oferta unha proba gratuíta da versión premium de 3 días.



**Maker
World**

MakerWorld

Permite transformar imaxes 2D en 3D cos axustes para a súa impresión. Ademais, ten dispoñible o “MakerLab”, un espazo onde poder converter esas creacións directamente en estatuas, chaveiros, quebracabezas, xarróns...

SUNO

SUNO

Xerador de cancións e audios. Está dispoñible en varios idiomas e, se ben o galego non é un deles, pódese importar o texto da futura canción dun documento (ben creado “manualmente” ou ben solicitándollo á IA).



InvideoAI

Ferramenta para xerar vídeos, tanto empregando imaxes de stock ou ben importándolle as que desexemos. Permite elixir a plataforma para a cal o queremos, e así axustar o tamaño.